



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello

Día: 2 de xuño do 2016

Hora de comezo:9.00 h

Hora de remate: 9.45 h

ASISTENTES:

Don Ovidio Rodeiro Tato

Don Manuel Fernández Munín

Don Jesús Sanjuás Mera

Dona M^a Carmen Botana Cebeiro

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Aperturas do sobres B das obras do POS 2016**
- 3. Requirimentos de limpeza de biomasa vexetal en leiras no lugar de Lestedo**
- 4. Solicitude ofertas para a corta de tres frondosas en Ledesma**
- 5. Reclamación aboamento canon a servizos ecolóxicos Recuperalia SL, ano 2015**
- 6. Solicitude participación conxunta dos concellos de Boqueixón, Vedra e Vila de Cruces no programa de mobilidade transnacional xuvenil (Galeuropa)**
- 7. Ampliación do período de actividade da ocioteca de Camporrapado**
- 8. Alta e baixa no programa de “Prevención da Dependencia”**
- 9. Concesión de alta “Xantar na Casa”**
- 10. Aprobación de facturas**
- 11. Licenzas urbanísticas**
- 12. Rogos e preguntas**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 19 de maio do 2016.

2. Aperturas do sobres B das obras do POS 2016

Na Xunta de Goberno realizada o día 6 de maio, acordouse iniciar a contratación das obras do POS 2016, polo procedemento negociado sin publicidade. Na mesma sesión aprobáronse os cadros de características das obras a licitar, os pregos que rexerían a contratación, así como os criterios de adxudicación e negociación do procedemento.

As obras son as seguintes: “Camiño de Troitomil a pista aglomerado (Lestedo) e outros” por importe de 53.577,01 euros e “Camiño monte da cima da Alboya (Lamas) e outros” por importe de 53.475,25 euros.

Con data 12 de maio, publícase no perfil do contratista da páxina web municipal, a licitación das obras cos documentos necesarios para que as empresas puidesen presentar as súas postostas. O prazo para a presentación das ofertas era de 15 días naturais.

Con data 30 de maio, a secretaria da mesa de contratación, presenta a correspondente certificación das empresas que presentaron as súas ofertas para cada unha das obras e que a continuación se relacionan:

Obra: Camiño de Troitomil á pista aglomerado (Lestedo)e outros

- Concifa, SL - Cabanas
- Nemesio Ordoñez, SA (NOSA) –Boiro
- José Luís Millán Millán – Boqueixón
- EXOGA (Excavaciones y Obras públicas Galicia, SL) – Sta. Comba
- Marconsa (Movimiento de Aridos y Construcciones de Arosa, SL) – Caldas de Reis
- Oviga, SL – Oroso
- Martínez Montes e Hijos, SL – Teo
- Antonio Filloy, SA - Boimorto
- Excavaciones Cernadas Valiña, SL – Vimianzo
- Cosmalca,SL – O Pino
- Hnos. Couto Fandiño, SL – Boqueixón

Obra: Camiño monte cima da Alboya (Lamas) e outros

- Concifa, SL – Cabanas
- Nemesio Ordoñez, SA (NOSA) – Boiro
- Excomel, SL (Excavaciones y obras Melchor, SL) – Betanzos
- José Luís Millán Millán – Boqueixón
- EXOGA (Excavaciones y Obras públicas Galicia, SL) – Sta. Comba
- Oviga, SL - Oroso
- Construcciones Boqueixón, SL – Boqueixón

- Martínez Montes e Hijos, SL – Teo
- Excavaciones Cernadas Valiña, SL – Vimianzo
- Cosmalca, SL – O Pino
- Hnos. Couto Fandiño, SL – Boqueixón

Por parte do servizo de contratación clasifícase a documentación das dúas obras que as empresas achegaron nos sobres A, agás a da empresa Nemesio Ordoñez, SA (NOSA), que non presentou o sobre B, polo que se entende que queda excluída á espera do que acorde o órgano de contratación.

A documentación do resto das empresas está correcta.

O órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, procede coa aperturas dos sobres B – Referencias Técnicas que se presentaron en ambas obras. Despois de revisar a documentación que se presentou, constátanse os seguintes feitos:

A empresa Nemesio Ordoñez, SA (NOSA) – Boiro, non presenta o sobre B en ambas obras, polo que é imposible poder valorar as ofertas e aplicar os criterios de adxudicación. Por este motivo acórdase excluíla do proceso.

A empresa José Luís Millán Millán – Boqueixón, só presenta unha folla cuberta manuscrita da declaración responsable pero non consta outra documentación para poder aplicar os criterios de adxudicación. Ó non ser defecto ou omisión subsanable, acórdase excluíla do proceso de contratación, ó non axustarse ó especificado no art. 80 do RGLCSP.

Posteriormente a documentación é selada polo servizo de contratación para remitir ó técnico que informará os criterios reflectidos no anexo V que foi aprobado para o efecto e publicado no perfil do contratista.

3. Requisitos de limpeza de biomasa vexetal en leiras no lugar de Lestedo

A) Requisito de limpeza de parcela no lugar de Ramil – Lestedo

Antecedentes

O 19 de maio do 2016, co número de entrada 16/931, don Ramón xxxxx, con domicilio no lugar de xxxxx e outros veciños da zona, reclaman ó concello que se poña en contacto cos propietarios dos chalets situados na xxxxx con numeración do 9 ó 15 para que procedan coa limpeza da parcela xa que “presenta aspecto de total abandono, de selvadende fai moitos anos”.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro e mediante usuario rexistrado a nome do Concello de Boqueixón a titularidade da parcela número 986, polígono 513, figurando Construcciones y Promociones Sanamil – Lestedo SL.

Según informe do coordinador de obras e servizos do concello, do 23 de maio do 2016 “*Feita inspección técnica no lugar de Ramil, xxxxx – Lestedo, compróbase que na parcela número 986, polígono 513, existen catro vivendas unifamiliares -pareadas, sen acabar de*

rematar as obras de construción das mesmas. Ditas vivendas están rodeadas de abundante maleza, o cal supón un risco de produción incendio e de insalubridade. Axúntase reportaxe fotográfico.”

Consideracións xurídicas

- O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”

- O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a :

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

- O artigo 5 do Regulamento de servizos das corporacións locais, de 17/06/1955 establece a intervención das corporacións locais na actividade dos seus administrados, a través de ordes individuais, constitutivas de mandato para a execución de actos.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Requirir a Construcciones y Promociones Sanamil – Lestedo SL, propietaria da parcela número 986, polígono 513, do lugar de Ramil – Lestedo para que proceda en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza da maleza existente.

2. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas.

3. Dar trámite de audiencia a Construcciones y Promociones Sanamil – Lestedo SL, para que en prazo de 10 días hábiles formulen alegacións ou presenten documentación oportuna.

B) Requirimento de limpeza/corta na leira dedicada a monte, no lugar de Ardarís – Lestedo ó novo propietario das árbores.

O 23 de febreiro do 2016 co número de entrada 16/360, dona María xxxxx, con domicilio en xxxxx, Lestedo, presenta escrito no concello solicitando a limpeza de maleza e corta de eucaliptos, ata gardar as distancias que esixe a normativa existente en materia de prevención de riscos forestais, respecto da leira de monte que está preto da súa vivenda, cuxa referencia catastral é a número 3889313NH4339S0001SZ.

Manifesta que os eucaliptos están a menos de 30 metros da súa vivenda e a maleza a menos de 50 metros da citada vivenda.

Así mesmo sinala que o propietario é don José xxxxx.

A Xunta de Goberno do 3 de marzo do 2016 acordou requirir ó propietario da leira don José xxxxx, a executar os traballos de limpeza de maleza (e retirada da mesma) da leira ata gardar unha distancia de 50 metros perimetrais respecto da vivenda de dona María xxxxx

e cortar o arboredo (eucaliptos) ata gardar unha distancia de 30 metros respecto da citada vivenda.

Dáselle, así mesmo, trámite de audiencia.

O 9 de marzo do 2016 co número de rexistro de saída 16/196, remítese a don José xxxxx notificación do acordo da Xunta de Goberno.

Recibe a notificación o 11 de marzo do 2016.

O 14 de marzo do 2016 co número de entrada 16/510, don José xxxxx presenta escrito no concello sinalando que, unha vez recibida a notificación de requirimento de limpeza da leira con referencia catastral número 3889313NH4339S0001SZ, procederá coa limpeza da mesma.

O 21 de abril do 2016 co número de entrada 16/741, don Jorge xxxxx, empresario dedicado á corta de madeira presenta escrito no cal manifesta que:

- Comprou a don José xxxxx os eucaliptos existentes na leira con referencia catastral número 3889313NH4339S0001SZ, que están preto dunha vivenda no lugar de Ardarís-Lestedo
- Que tan pronto teña a autorización e certificados necesarios, aproximadamente no prazo dun mes, procederá coa corta.

Según informe do técnico municipal de 30 de maio “Feita inspección técnica no lugar de Ardarís - Lestedo, compróbase que existe unha leira dedicada a monte, con maleza cortada e amontoada e con eucaliptos.

Está preto dunha vivenda. (Cuxa propietaria presenta denuncia)

Desde o paramento vertical da vivenda ata os eucaliptos existe unha distancia de 20,80 metros.

Non se cumpre coa normativa de distancias esixidas pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, que sinala 50 metros perimetrais libres de biomasa vexetal e que nos primeiros 30 metros non poderá haber eucaliptos, piñeiros...”.

Consideracións xurídicas

- O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”

- O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmoables a:

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

-O artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, **será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei,**

xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte, de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei (piñeiros, acacias, eucaliptos...) As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.
- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.
- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

A disposición transitoria décima, apartado 3) Lei 7/ 2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia sinala que en canto ás demais especies arbóreas, (distintas ás establecidas na disposición adicional terceira anteriormente citada) como **os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais establecidas no anexo I, deberán gardar unha distancia de 15 metros (respecto das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra do solo urbano e de núcleo rural)**.

O artigo 22.3 da Lei 3/2007 sinala que “ si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, según o disposto no artigo 21 ter.

Sinala o artigo 21 ter que son persoas responsables, “para os efectos do establecido nos artigos 20 bis, 21 e 21 bis, as persoas titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos forestais e os terreos situados nas zonas de influencia forestal....”.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Requirir ó actual propietario das árbores (eucaliptos) situadas na leira dedicada a monte de Ardarís – Lestedo, cuxa referencia catastral é a número 3889313NH4339S0001SZ, don Jorge xxxxx para que proceda en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de **cortar o arboredo (eucaliptos)** ata gardar unha distancia de 30 metros respecto da vivenda de dona María xxxxx.

2. Reiterar ó propietario da leira número 3889313NH4339S0001SZ, don José xxxxx, que proceda a **retirar a maleza** da citada leira, posto que os traballos de limpeza de maleza consisten na corta de maleza e retirada, da mesma, da leira ata gardar unha distancia de 50 metros perimetrais respecto da vivenda de dona María xxxxx.

3. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas.

4. Dar trámite de audiencia ós citados propietarios para que en prazo de 10 días hábiles formulen alegacións ou presenten documentación oportuna.

4. Solicitude ofertas para a corta de tres frondosas en Ledesma

Na parcela de titularidade municipal número 184, polígono 511, lugar Souto de Vila-Ledesma, existen tres castiñeiros preto dunha vivenda, os cales ocasionan danos no tellado debido ás pólas excesivamente grandes que provocan rotura de tellas, atascos nos canlóns, problemas no cableado da luz, etc.

Con data 30 de maio do 2016, a arquitecta municipal emite informe no cal se sinala que a valoración dos referidos castiñeiros ascende a 159,25 €, de acordo co seguinte desglose:

- Exemplar número 1: castiñeiro (castanea sativa), 80 cm de diámetro, 69,68 €
- Exemplar número 1: castiñeiro (castanea sativa), 60 cm de diámetro, 49,08 €
- Exemplar número 1: castiñeiro (castanea sativa), 80 cm de diámetro, 40,49 €

Por este motivo é necesario proceder coa corta dos citados castiñeiros, polo cal a Xunta de Goberno acorda:

1. Solicitar ofertas para proceder coa corta e retirada de tres castiñeiros situados na parcela municipal número 184, polígono 511, lugar Souto de Vila-Ledesma.

2. Dar o prazo de 10 días hábiles para a presentación das ofertas.

5. Reclamación aboamento canon a servizos ecolóxicos Recuperalia SL, ano 2015

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 19 de decembro de 2013 aprobouse un convenio de colaboración entre o Concello de Boqueixón e “Servicios Ecolóxicos Recuperalia SL”, para a instalación e explotación de contedores de recollida de roupa usada e esta en realizar a actividade convida, de acordo cunha serie de cláusulas.

A cláusula primeira sinala que “ *a empresa comprométese a instalar contedores de recollida de roupa e calzado usado nos lugares do termo municipal que o concello fixe....Esta cantidade é ampliable en función das necesidades que sempre terán que ser demandadas polo concello e autorizados en todo os casos*”.

A cláusula cuarta do convenio sinala que: “*Servicios Ecolóxicos Recuperalia SL*”, *aportará un canon de 300 € anuais, impostos incluídos, por cada contedor instalado*”.

Según informe de data 30 de maio do 2016, “*O coordinador de obras e servizos do Concello de Boqueixón, don Juan Manuel Corral Sánchez,*

INFORMA QUE:

A data actual, no Concello de Boqueixón existen 4 contedores da empresa “Servicios Ecolóxicos Recuperalia SL”, dedicados á recollida de roupa e calzado usado, nos lugares de O Forte, no punto limpo de Sergude, Codeso e Camporrapado.

Ditos contedores están situados na vía pública.”

Non consta ingresada na conta bancaria do Concello de Boqueixón o canon correspondente ó ano 2015, que ascende a un total de 1.200 €.

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Requirir á empresa “Servicios Ecológicos Recuperalia SL” para que proceda no prazo de 10 días, a aboar o canon correspondente ó ano 2015, que ascende a un total de **1.200 €** na seguinte conta bancaria: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón).
2. No caso de que non se aboe dita contía reclamarase a mesma pola vía executiva e así mesmo revocarase o convenio de colaboración e retirada dos catro contedores.

6. Solicitude participación conxunta dos concellos de Boqueixón, Vedra e Vila de Cruces no programa de mobilidade transnacional xuvenil (Galeuropa)

No DOG nº 67 do 8 de abril de 2016 saíu publicada a orde do 23 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de mobilidade transnacional xuvenil (Galeuropa) con cargo ao programa operativo de emprego xuvenil e se procede a súa convocatoria para o 2016.

Esta orde ten por obxecto a concesión de axudas para a realización de prácticas formativas non remuneradas en entidades/empresas públicas ou privadas en países europeos.

Estas axudas poden regularse de tres formas:

- Axudas individuais de mobilidade
- Axudas proxectos de mobilidade presentados por entidades se ánimo de lucro
- Axudas para proxectos de mobilidade presentados por concellos, mancomunidades, agrupacións ou fusións de concellos

As persoas destinatarias deberán cumprir os requisitos esixidos no sistema nacional de garantía xuvenil (SNGX):

- Estar inscritos no referido sistema no ámbito da Comunidade Autónoma
- Ter menos de 30 anos e ademais:
 - ✓ Non ter traballados nos 30 días naturais anteriores
 - ✓ Non ter recibido accións **educativas** que comporten máis de 40 horas mensuais nos 30 días naturais anteriores
 - ✓ Non ter recibido accións **formativas** que comporten máis de 40 horas mensuais nos 30 días naturais anteriores.
- ✓

Os conceptos que se subvencionan coas axudas solicitadas polos concellos ou agrupacións de concellos son:

- Custos de viaxe ao país de destino (ida e volta)
- Aloxamento e manutención da mocidade participante
- Gastos para a organización do proxecto (convocatoria e selección, apoio lingüístico e preparación sociocultural)
- Gastos de execución dos proxectos (apoio para os viaxes de mentores da entidade de envío e apoio para a entidade de acollida)

A solicitude de subvención foi presentada polo concello de Vila de Cruces en representación dos concellos de Vila de Cruces, Vedra e Boqueixón, con data 11/05/2016.

Posteriormente, con data 23 de maio o concello de Vila de Cruces recibe da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado un requirimento, no cal entre outra documentación solicita o acordo de colaboración dos citados concellos no mesmo proxecto, no que se inclúa o nomeamento da persoa que actúa como representante.

Por todo o cal, a Xunta de Goberno acorda:

1. Presentar conxuntamente cos concellos de Vila de Cruces e Vedra, a solicitude de subvención ao abeiro da orde do 23 de marzo de 2016 do programa de mobilidade transnacional xuvenil (Galeuropa) con cargo ao Programa Operativo de Emprego Xuvenil), e **colaborar no mesmo proxecto de mobilidade**.
2. Nomear representante a dona María Beatriz Iglesias Sánchez, concelleira de benestar social do concello de Vila de Cruces.
3. Facultar ao alcalde de Vila de Cruces para formalizar as xestións oportunas nos termos regulamentarios establecidos aos efectos.

7. Ampliación do período de actividade da ocioteca de Camporrapado

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o día 17 de setembro de 2015, aprobáronse as bases que regulan as actividades culturais e deportivas 2015-2016, publicadas na Xanela de outono 2015.

O remate das actividades estaba previsto para o mes de maio (agás inglés, mes de xuño). Ante a solicitude, con data de rexistro 27 de maio, das familias dos nenos e nenas participantes, para a continuidade da actividade de ocioteca de Camporrapado durante o mes de xuño, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar a continuidade da ocioteca de Camporrapado ata o venres 17 de xuño.
2. Aprobar o prezo a pagar polos participantes desta actividade neste período, que será:
 - 8 € por participante
 - 6 € 2º irmán (desconto 25%)O ingreso realizarase na caixa do concello durante a primeira semana de xuño.
3. Aprobar os prezos da actividade de inglés durante o mes de xuño (ata 21 de xuño):
 - 15 € por participante
 - 11,25 €- 2º irmán (desconto 25%)O cobro realizarase por domiciliación bancaria.

8. Alta e baixa no programa de “Prevención da Dependencia”

Concesión dunha alta e unha baixa no programa de “Prevención da Dependencia”

9. Concesión de alta “Xantar na Casa”

Concesión dunha alta no programa “Xantar na Casa”

10. Aprobación de facturas

A Xunta de Goberno acorda aprobar a seguinte relación de facturas que serán aboadas con cargo ó presuposto do ano 2016, por un importe total de 46.139,61 euros.

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	Atendo Calidade,SL – Servizo dependencia mes de abril	231.227.99	23.576,32
2	Atendo Calidade, SL – Servizo libre concurrencia mes de abril	231.227.99	2.072,21
3	La Voz de Galicia, SA – Custo esquila D. Secundino Torres Vázquez	920.226.02	279,51
4	Cogami Reciclado de Galicia, SL – Recollida de papel e cartón mes de abril	162.3.212.00	388,98
5	CHC Energía- Custo enerxía eléctrica alumado público de Vila – Ledesma do 29/02/16 ó 30/04/16	165.221.00	298,23
6	CHC Energía – Custo enerxía eléctrica casa da cultura de Camporrapado do 1/03/16 ó 1/04/16	165.221.00	180,92
7	Peycar Pontevedra, SL – Vestiario para persoal do servizo de recollida de lixo	162.1.221.99	283,14
8	Peycar Pontevedra, SL – Vestiario para persoal do servizo de limpeza	320.221.99	257,73
9	Peycar Pontevedra, SL – Vestiario para persoal do servizo de abastecemento de auga	161.221.99	319,44
10	Peycar Pontevedra, SL – Vestiario para persoal do servizo de vías e obras	153.2.221.99	798,60
11	Ferrecal, SA – Contador de auga para servizo abastecemento	161.221.99	82,84
12	Vidrieras Compostela, SL – Metacrilato para arranxo de marquesiña da E.U de Lestedo	151.212.00	40,61
13	Darlim, SL – Produtos de limpeza para edificios e instalacións municipais	920.212.00	343,01
14	Droga Conde, SA – Cloro para o servizo de abastecemento de auga	161.212.00	314,60
15	Ulla Oil, SL – Gasóleo A para depósitos municipais	135.221.03	2.845,21
16	Picadilly School of English, SL – Clases de inglés mes de abril – segundo contrato	334.226.99	2.464,00
17	Almacenes Redondo – Materiais para servizo abastecemento de auga e instalacións deportivas	161.221.99 342.212.00	291,46
18	Transportes Mosquera – Transporte autobús de Ponteledesma – Arnoia – Ribadavia	334.226.09	357,50
19	Compostela Digital, SL – Renovacións anuais dominios boqueixon.com e boqueixon.es	920.222.00	386,60
20	Almacenes Redondo – Mangueira para servizo de abastecemento	161.212.00	283,14
21	Liquidación de gastos de Anselmo Caeiro Vilar – Gastos de viaxe a Coruña (2días) para implantación nova aplicación padrón de habitantes	920.230.20	109,35
22	Liquidación de gastos de Eugenio Fernández Vieites – Gastos viaxe para levar camión do lixo a taller en Ourense	920.230.20	102,76
23	Hnos. Villar – Recambios para desbrozadora tractor	414.221.99	353,38
24	Talleres A Silveira – Arranxo	135.21300	381,15
25	Talleres A Silveira – Arranxo vehículo Fiat Scudo 5530- GZZ	135.213.00	353,43
26	Talleres A Silveira – Arranxo vehículo Nissan Terrano 5771 DFF	135.213.00	104,67
27	Talleres A Silveira – Arranxo vehículo Nissan Terrano C-6319-CG	1532.213.00	147,52
28	Talleres A Silveira – Arranxo vehículo Fiat Doblo 1599 GZL	135.213.00	264,51
29	Talleres A Silveira – Arranxo vehículo Nissan Terrano 5771 DFF	135.213.00	99,87
30	Mªdel Carmen Vázquez Fernández – Produtos alimentación Escola Infantil mes de abril	231.221.05	361,70
31	Liquidación de gastos de Tetiana Andriuskho – transporte voluntaria europea	920.230.20	21,35

		Importe	38.163,74
--	--	---------	-----------

A continuación transcribense as facturas domiciliadas e aboadas con cargo ó ano 2016

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
32	Vodafone – Servizo de mensared do 15/04/16 ó 14/05/16	920.222.00	14,54
33	Compostela Digital – Mantemento informático mes de maio – segundo contrato	920.216.00	594,00
34	Telefónica de España, SAU- Custo teléfono Escola infantil de Lestedo mes de abril	920.222.00	54,06
35	Telefónica de España, SAU- Custo teléfono centraliña mes de abril	920.222.00	517,07
36	Telefónica de España, SAU- Custo teléfono Protección civil mes de abril	920.222.00	30,75
37	Telefónica de España, SAU- Custo teléfono alarma mes de abril	920.222.00	42,79
38	Telefónica de España, SAU- Custo teléfono Oficina de correos mes de abril	920.222.00	25,10
		Importe	1.278,31

A continuación reflíctense as facturas de Gas Natural Sur SDG, SA pertencentes a distintos alumeados públicos e que suman un total de 5.740,27 euros:

<i>Nº de Factura</i>	<i>CUPS</i>	<i>Importe</i>	<i>Lugar suministro</i>	<i>Data emisión</i>	<i>Data facturación</i>
1160311708287	ES0022000007249769EH1P	53,52	Lg. Vilar, 9924 A.Público	02/04/2016	26/02/16 a 30/03/16
1151250002153	ES0022000007249693LB1P	72,48	Lg. Ardilleiro Grande, 9919 - A.Púb.	01/04/2016	26/10/15 a 22/12/15
1160150002752	ES0022000008895802JX1P	51,80	Bombeo de Noenlle 9010	01/04/2016	22/12/15 a 28/01/16
1160250000605	ES0022000007249666HF1P	93,00	Lg. Pena, 9915 - A.Público	01/04/2016	22/12/15 a 01/02/16
1160410004866	ES0022000007561243HA1P	81,80	Lg. Espiñeira, 9909 A.Púb.	03/04/2016	01/03/16 a 01/04/16
1160250000654	ES0022000007320580LN1P	213,31	Lg. Santabaia, 9000 A.Público	01/04/2016	22/12/15 a 01/02/16
1160250000658	ES0022000007566337DZ1P	143,66	Lg. Casal, 9109 - A.Público	01/04/2016	22/12/15 a 01/02/16
1160250000663	ES0022000007455157MQ1P	230,75	Lg. Pazos, 9101 AP A.Público1	01/04/2016	22/12/15 a 01/02/16
1160250000706	ES0022000007021143HN1P	200,26	Lg. Outeiro, 9710 A.Público	01/04/2016	22/12/15 a 01/02/16
1160410015379	ES0022000004975490HW1P	1,94	Lg. Vilar, 9704SF SEMA03	03/04/2016	01/03/16 a 01/04/16
1160410016661	ES0022000007021268TE1P	191,30	Lg. Gándara, 9700 A.Público	03/04/2016	25/02/16 a 01/04/16
1151250002157	ES0022000007661757HF1P	384,93	Lg. Forte, 9080 A.Público	01/04/2016	23/10/15 a 23/12/15
1151250002159	ES0022000007021268TE1P	359,24	Lg. Gándara, 9700 A.Público	01/04/2016	28/10/15 a 01/12/15
1160410016330	ES0022000007320580LN1P	102,93	Lg. Santabaia, 9000 A.Público	03/04/2016	01/03/16 a 01/04/16
1160410017446	ES0022000007566337DZ1P	90,63	Lg. Casal, 9109 - A.Público	03/04/2016	01/03/16 a 01/04/16
1160410026252	ES0022000007251856KN1P	185,24	Lg. Igrexa (A), 8891 A.Público	03/04/2016	01/03/16 a 01/04/16
1160410026416	ES0022000004975486VK1P	123,88	Lg. Vilar, 9700 A.Público	03/04/2016	26/02/16 a 01/04/16
1160410027042	ES0022000007455157MQ1P	134,61	Lg. Pazos, 9101 AP A.Público1	03/04/2016	01/03/16 a 01/04/16
1160410023950	ES0022000007249666HF1P	48,25	Lg. Pena, 9915 - A.Público	03/04/2016	01/03/16 a 01/04/16
1160410027941	ES0022000007164018CB1P	265,23	Lg. Forte, 9030 A.Público	03/04/2016	01/03/16 a 01/04/16
1160410029165	ES0022000007021143HN1P	118,00	Lg. Outeiro, 9710 A.Público	03/04/2016	01/03/16 a 01/04/16

1160311646991	ES0022000007661637JW1P	64,59	Lg. Forte, 9032 A.Público	02/04/2016	26/02/16 a 30/03/16
1160311647041	ES0022000007320544VE1P	37,61	Lg. Senande, 9000 A.Público	02/04/2016	25/02/16 a 30/03/16
1160311650821	ES0022000008964524BP1P	27,35	Lg. Moa, 9001 - LOCAL	02/04/2016	26/02/16 a 30/03/16
1160311647031	ES0022000007320543VK1P	56,62	Lg. Vigo, 9000 A.Público	02/04/2016	26/02/16 a 30/03/16
1160311664312	ES0022000007320549HG1P	136,89	Lg. Deseiro de Arriba, 9002 A.Púb.	02/04/2016	25/02/16 a 30/03/16
1160311659784	ES0022000008622407VQ1P	67,59	Lg. Lestedo, 9001 A.Público	02/04/2016	26/02/16 a 30/03/16
1160311661577	ES0022000007253334QH1P	23,04	Lg. Igrexa (A), 9000 A.Público	02/04/2016	26/02/16 a 30/03/16
1160311662728	ES0022000007662959RJ1P	33,64	Lg. Igrexa (A), 8892 A.Público	02/04/2016	26/02/16 a 30/03/16
1160311662720	ES0022000007662958RN1P	37,98	Lg. Carabán, 9915 - A.Púb.	02/04/2016	26/02/16 a 30/03/16
1160311666037	ES0022000007021150HL1P	147,90	Lg. Ramil, 9704 - A.Público	02/04/2016	26/02/16 a 30/03/16
1160311668078	ES0022000008964525BD1P	14,04	Lg. Orto, 9700 - Boqueixón	02/04/2016	26/02/16 a 30/03/16
1160311668236	ES0022000004975491HA1P	98,24	Lg. Rodiño Grande, 9706 A.Púb.	02/04/2016	26/02/16 a 30/03/16
1160311671151	ES0022000007249659HT1P	27,73	Lg. Carabán, 9914 - A.Púb.	02/04/2016	26/02/16 a 30/03/16
1160311679160	ES0022000007107334QE1P	41,73	Lg. Rubio, 9796 A. Público	02/04/2016	26/02/16 a 30/03/16
1160311671241	ES0022000008895802JX1P	45,27	Bombeo de Noenlle 9010	02/04/2016	25/02/16 a 30/03/16
1160311678448	ES0022000007455163ME1P	108,03	Lg. Pazos, 9102 AP A.Público2	02/04/2016	26/02/16 a 30/03/16
1160311679897	ES0022000007021267TK1P	110,01	Lg. Rubial, 9697 - A.Público	02/04/2016	26/02/16 a 30/03/16
1160311681623	ES0022000007320555HX1P	15,61	Lg. Vilar, 9003 A.Público	02/04/2016	26/02/16 a 30/03/16
1160311687649	ES0022000007320582LZ1P	71,09	Lg. Torre, 9000 A.Público	02/04/2016	25/02/16 a 30/03/16
1160211813303	ES0022000009030714ZG1P	403,00	Lg. Rodiño Grande, 9998 A.Púb.	28/04/2016	23/12/15 a 26/02/16
1160411645275	ES0022000004357629HJ1P	29,90	Lg. Ardaris, 0010IG	29/02/2016	29/02/16 a 27/04/16
1160411645283	ES0022000004357716EP1P	302,32	Lg. Vilar, 0001	29/02/2016	25/02/16 a 27/04/16
1160411658877	ES0022000007559623QQ1P	165,67	Lg. Vilar, 9705 A.Público	29/04/2016	29/02/16 a 27/04/16
1160411660980	ES0022000007320554HD1P	60,68	Lg. Ardaris, 9000 A.Público	29/04/2016	29/02/16 a 27/04/16
1160411705168	ES0022000007320556HB1P	174,16	Lg. Milleirós, 9087 A.Público	29/04/2016	29/02/16 a 27/04/16
1160411724687	ES0022000007455154MJ1P	193,55	Lg. Milleirós, 5100 ALPUB3	29/04/2016	29/02/16 a 27/04/16
1160311699573	ES0022000008876495WT1P	32,83	Lg. Vilar, 0005 A.Público	04/04/2016	26/02/16 a 30/03/16
1160311704855	ES0022000007373065RB1P	66,44	Lg. Vilaboa, 9998 - A.Público	04/04/2016	26/02/16 a 30/03/16
	TOTAL	5.740,27			

A continuación reflíctense as facturas de CHC Energía Udesa, SL pertencentes a distintos alumeados públicos e que suman un total de 957,29 euros:

Nº factura	Cups	Importe	Dirección do Suministro	Data emisión	Data facturación
1CSN160500150974	ES0111000009313013HP0F	328,66	Lugar Camporrapado	13/05/16	26/02/16 a 29/04/16
1CSN160500167655	ES0111000009304046LB0F	102,10	Alum. Púb. Granxola-Codeso	13/05/16	25/02/16 a 28/04/16
1CSN160500167659	ES0111000009304058CT0F	317,17	Lugar Loureiro - Pousada	13/05/16	25/02/16 a 28/04/16

1CSN160500167668	ES0111000009305006SM0F	144,93	Lugar Donas	13/05/16	25/02/16 a 28/04/16
1CSN160500299217	ES0111000009313064CJ0F	64,43	Lugar Devesa	18/05/16	26/02/16 a 29/04/16
TOTAL		957,29 €			

Aprobación de facturas con cargo a subvencions

Subvención actividades culturais – 2016

Deputación da Coruña

No BOP núm. 75 do día 21 de abril, publicouse a resolución pola que se aproba a concesión provisional de subvencions a concellos e entidades locais para a realización de actividades culturais 2016. A este concello concédennlle unha axuda de 8.047,47 euros.

O día 19 de maio (rexistro 16/940) ten entrada no rexistro municipal a factura emitida pola imprenta Artes Gráficas Alonso, SL polo concepto de 150 libros “Xosé Neira Vilas” adquiridos por un importe de 413,92 euros.

Tódolos anos se solicita á Deputación da Coruña, unha subvención para actividades culturais e este ano está pendente de saberse o importe que se concede, polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a factura núm. A15/718 emitida por Artes Gráficas Alonso, SL polo concepto de 150 libros “Xosé Neira Vilas” por importe de 413,92 euros

Facer o pagamento desta factura con cargo á subvención concedida para actividades culturais 2016 da Deputación da Coruña

Subvención drogodependencias

Xunta de Galicia

Con data 29 de outubro de 2015, recibíuse a resolución da Consellería de Sanidade onde se concede un importe de 43.843,97 euros de axuda para desenvolver proxectos de prevención de drogodependencias presentados polos concellos de Boqueixón, Teo e Touro.

A traballadora Yolanda Neira Cristobo, desprázase ós distintos centros escolares a impartir obradoiros de prevención de drogodependencias, soportando un custo nos desprazamentos. É por isto polo que presenta no rexistro municipal unha liquidación de gastos reflectindo os gastos ocasionados que serán aboados con cargo á axuda concedida pola Consellería de Sanidade.

A Xunta de Goberno acorda:

1 Aprobar a liquidación de gastos de Yolanda Neira Cristobo polos desprazamentos para levar a cabo o programa de prevención de drogodependencias por importe de 191,33 euros.

2 Imputar o seu pagamento á subvención referida.

Aprobación de factura da compra dun desfibrilador

Desde o Servizo de Deportes, comunícase a necesidade de adquirir un desfibrilador para poder votar man del ante calquera risco que se poida dar no desenvolvemento das distintas actividades deportivas que se realizan no concello. Trátase dun aparato que axuda a recuperar as constantes vitais despois dunha parada cardiorrespiratoria, mediante unha descarga eléctrica e que pode ser utilizado sen necesidade de ser sanitario.

Por isto, solicítanse 3 presupostos a tres empresas que poden subministrar este tipo de aparato: Sepy Medical, SLU, Peycar e Proyecto Salvavidas.

A mellor oferta, tendo en conta a relación calidade -prezo é a de Sepy Medical, SLU, que ofertou un prezo de 1.230,00 euros + IVE.

A empresa Peycar ofertou un aparato por importe de 1.452,00 euros e Proyecto Salvavidas, ofertaba un paquete no que se incluía o aparato en renting por 60 meses cun curso de formación. Neste caso non se tivo en conta a oferta porque o persoal de deportes ten o curso feito para poder facer uso do desfibrilador.

Na partida 342.221.99, existe partida suficiente para poder facer a compra e polo tanto, debido á necesidade de adquisición, acéptase o presuposto da empresa Sepy Medical,SLU, que entrega a mercancía o día 29/04/2016.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a factura núm. A/00094/2016 emitida por Sepy Medical, SLU, polo concepto de desfibrilador semiautomático saver one, batería sen mantemento, xogo de electrodos adulto e pediátrico maleta de transporte e manual de usuario por importe de 1.488,30 euros.

Dar de alta no inventario de bens municipal este subministro

11. Licenzas urbanísticas

A) Concesión licenza municipal de obras. Expte. 15/0511

Antecedentes:

Con data do 23/03/2015, con rexistro de entrada n.º: 15/0511, preséntase unha solicitude de licenza municipal de obras, para a “Rehabilitación de edificio de antiga escola unitaria para vivenda unifamiliar”, emprazada sobre a parcela catastral n.º: 15012A003007460000EA, sita no lugar de xxxxx, na parroquia de Vigo, a nome de D. Xosé xxxxx, con DNI n.º: xxxxx, en base ao anteproxecto técnico, para a solicitude de autorización autonómica previa, redactado polo arquitecto, D. Antonio Pena Rey, colexiado n.º: 1.885.

Con data do 06/04/2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítase un informe técnico, no que literalmente se di: “*Dado que as actuacións previstas localízanse sobre unha edificación existente, antiga escola unitaria, en solo rústico, será precisa, previamente á tramitación da licenza municipal, a obtención de autorización autonómica, de acordo co artigo 40 da LOUPMRG. En consecuencia, deberase iniciar a tramitación da autorización autonómica, mediante o procedemento establecido no artigo 41 da LOUPMRG. Segundo o anteproxecto*

presentado, a altura da edificación é de 5,50 m, e a ocupación da edificación con respecto á superficie de parcela, é do 7,04 %.

Con data do 09/04/2015, o concello inicia o procedemento do artigo 41 da LOUPMRG, mediante o edicto de exposición pública do expediente, por espazo de 20 días, no taboleiro de anuncios do concello, e no periódico “El Correo Gallego” (10/04/2015). Finalizado o prazo de exposición pública, sen presentarse ningún tipo de reclamación (certificación de data do 27/05/2015), procédese ao pronunciamento da Xunta de Goberno Local, con data do 21/05/2015, a cal acorda o seguinte:

1º.- Ratificar o informe técnico, que emite a arquitecta María Carmen Novoa Sío, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, con data do 6 de abril de 2015, relativo á solicitude presentada por Xosé xxxxx, para a rehabilitación de edificio de antiga escola unitaria para vivenda unifamiliar, situada no lugar de xxxxx, na parroquia de Vigo.

2º.- Dar traslado do expediente completo á Consellería competente en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, aos efectos previstos no artigo 41 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e posteriores modificacións.

Con data do 27/05/2015, con rexistro da saída nº.: 15/438, pola alcaldía, dáse traslado do expediente completo ao Departamento Territorial da Coruña (Servizo de Urbanismo), da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para a solicitude da autorización autonómica previa en solo rústico, en base ao artigo 41 da LOUPMRG.

Con data do 14/10/2015, con rexistro de entrada nº.: 15/1990, achégase a Resolución, de data do 02/10/2015, do Departamento Territorial da Coruña (Servizo de Urbanismo), da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a que literalmente resolve:

Outorgar a D. Xosé xxxxx, a autorización da Comunidade Autónoma en solo rústico, prevista no artigo 41 da LOUG, para a execución das obras de rehabilitación do edificio da antiga escola unitaria para vivenda unifamiliar, sita nunha parcela con referencia catastral 15012A003007460000EA, no lugar de xxxxx, parroquia de Vigo, Concello de Boqueixón: coas seguintes condicións:

- 1.- Deberanse de obter as licenzas municipais e demais autorizacións e informes preceptivos, segundo o disposto na lexislación sectorial que sexa de aplicación.
- 2.- As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados será acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do contorno.
- 3.- Consonte ó disposto no artigo 42.1 f) e g) da LOUG, as obras iniciaranse nun prazo de seis meses e concluíranse no prazo máximo de tres anos, contados ámbolos dous desde o outorgamento da preceptiva licenza municipal. Transcorridos os devanditos prazos, entenderase caducada a licenza municipal e a autorización autonómica, logo do expediente tramitado con audiencia da persoa interesada, e será de aplicación o disposto no artigo 203 da LOUG.

Con data do 20/10/2015, con rexistro de saída nº.: 15/951, de data do 21/10/2015, pola alcaldía ponse en coñecemento do promotor das obras, a resolución ditada polo Órgano Autonómico competente, e solicítaselle que presente a documentación técnica e administrativa necesaria, para continuar coa tramitación do expediente, para a concesión da licenza municipal de obras.

Con data do 08/03/2016, con rexistro de entrada nº.: 16/461, o promotor das obras presenta o proxecto básico e de execución, os oficios de dirección facultativa, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde, e o modelo de estatística de edificación.

Con data do 07/04/2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese o informe técnico, en base á nova documentación achegada, e que obriga ao promotor das obras, a presentar nova documentación administrativa e a unha serie de modificación técnicas no proxecto achegado.

Con data do 15/04/2016, con rexistro de saída nº.: 16/319, de data do 18/04/2016, pola alcaldía ponse en coñecemento do promotor das obras, o contido do informe técnico, para que se presente a documentación solicitada, xunto coas correccións técnicas precisas.

Con data do 25/04/2016, con rexistro de entrada nº.: 16/764, o promotor das obras presenta un anexo de subsanación de defectos, en base ao informe técnico, de data do 07/04/2016.

Con data do 28/04/2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese o **informe técnico favorable**, e no que se di o seguinte:

- *No que corresponde á normativa urbanística municipal, considérase favorable a solicitude para a realización dos traballos expostos na documentación presentada.*
- *Segundo a cartografía do PXOM, non existen outras afeccións que impliquen autorizacións administrativas previas á concesión da licenza municipal de obras, sen prexuízo doutros datos descoñecidos pola técnica que asina, e que non consten reflectidos na citada cartografía.*

Con data do 30/05/2016, emítese informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- A solicitude da licenza municipal de obras
- O anteproxecto técnico, para a tramitación da autorización autonómica previa
- A acreditación da titularidade da parcela, incluída no anteproxecto técnico
- O pago da taxa municipal correspondente, por importe de 61,62 €
- O outorgamento da autorización autonómica previa en solo rústico
- O proxecto técnico básico e de execución
- O oficio da dirección facultativa da obras
- O oficio da dirección de execución das obras
- O oficio de coordinación de seguridade e saúde
- O impreso de estatística de edificación e vivenda
- O informe técnico favorable, da arquitecta municipal, de data do 28/04/2016
- O informe xurídico, de data do 30/05/2016

Unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a “Licenza Municipal de Obras” a D. Xosé xxxxx, con DNI nº.: xxxxx, para a “Rehabilitación de edificio de antiga escola unitaria para vivenda unifamiliar”, sita no lugar de xxxxx, na parroquia de Vigo, emprazada sobre a parcela catastral nº.:

15012A003007460000EA, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

01. Nº.: do expediente municipal: 15/0511

02. Promotor do expediente: Xosé xxxxx

03. D.N.I. do promotor: xxxxx

04. Clasificación urbanística da parcela: Solo Rústico de especial protección forestal

05. Tipo de licenza: Rehabilitación de edificio de antiga escola unitaria para vivenda unifamiliar

06. Superficie construída total existente: 150 m²

07. Situación e emprazamento: xxxxx - Vigo

08. Referencia catastral da parcela: 15012A003007460000EA

09. Orzamento de execución material das obras: 97.325,07 €

10. Liquidación do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (I.C.I.O.): 1.849,18 €

11. Técnico asinante do proxecto: Antonio Pena Rey, colexiado nº.: 1.885

12. Prazos de execución:

- Para comezar as obras: 6 MESES (desde o recibo de notificación desta licenza)

- Para terminar as obras: 3 ANOS (desde o recibo de notificación desta licenza)

b.-) Condicións especiais:

13. As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do contorno

14. As obras a executar, deberanse adaptar as recollidas no proxecto técnico e anexo, que serviron de base para a tramitación deste expediente, con números de visado 1601088,1 de data do 01/03/2016; e 1601088,3; de data do 21/04/2016

15. Deberase instalar o cartel de obra na parcela, cos seguintes datos como mínimo: *Tipo de obra; número de licenza; prazos de execución; promotor; director de obra; director de execución da obra, coordinador de seguridade e saúde, e empresa construtora*

16. No suposto da instalación dunha GRÚA, durante a execución das obras, esta deberá contar coas autorizacións previas necesarias, e seguros correspondentes

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (I.C.I.O.), por importe de **1.849,18 €** e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da liquidación:

A liquidación, por importe de **1.849,18 €**, será ingresada na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón)

Terceiro:

Notificar este acordo ao interesado

B) Concesión licenza municipal de obras. Expte 15/1435

Antecedentes:

Con data do 15/07/2015, con rexistro de entrada nº.: 15/1435, de data do 16/07/2015, preséntase unha solicitude de licenza municipal de obras, para a construción dunha vivenda unifamiliar illada, emprazada sobre a parcela catastral nº.: 15012A502000540000WD, sita no lugar de xxxxx, na parroquia de Loureda, a nome de D. José xxxxx, con DNI nº.:

xxxxx, en base ao proxecto técnico básico e de execución, redactado polo estudio de arquitectura e urbanismo Hernando Ezquerro, S.L.P.; e asinado polo arquitecto representante, D. José Antonio Hernando Ezquerro, colexiado nº.: 1.779.

Con data do 27/07/2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emite un informe técnico, que obriga ao promotor a corrixir varias deficiencias no proxecto presentado, así como que deberá achegar nova documentación.

Con data do 30/07/2015, con rexistro da saída nº.: 15/693, de data do 03/08/2015, pola alcaldía,ponse en coñecemento do promotor, o contido do informe técnico, para que presente a nova documentación e as correccións técnicas precisas.

Con data do 16/10/2015, con rexistro de entrada nº.: 15/2086, de data do 30/10/2015, o promotor presenta a documentación requirida pola arquitecta municipal, en base ao informe técnico do 27/07/2015.

Con data do 30/10/2015, con rexistro de entrada nº.: 523 / RX 2181352, polo promotor das obras, solicítase ante “Augas de Galicia”, a autorización previa para a construción da vivenda unifamiliar, e a instalación dunha fosa séptica hermética.

Con data do 26/11/2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emite un novo informe técnico, no que se especifica que o promotor deberá achegar a autorización de Augas de Galicia, e que, con anterioridade ao comezo das obras, deberá presentar a oficio de coordinador de seguridade e saúde, e a cualificación de eficiencia enerxética, rexistrada no INEGA.

Con data do 12/05/2016, con rexistro de entrada nº.: 16/899, achégase polo Organismo Autónomo de “Augas de Galicia”, a autorización a José xxxxx, para as obras de construción dun edificio destinado a vivenda unifamiliar, e instalación dunha fosa séptica estanca na parcela nº.: 54 do polígono nº.: 502, na zona de policía dun rego afluente do río Sanguineira, no lugar de xxxxx, parroquia de Loureda (San Pedro), no t.m. de Boqueixón (A Coruña).

Con data do 13/05/2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emite o **informe técnico favorable**, e no que se di o seguinte:

- *Antes do inicio das obras, deberase achegar oficio de coordinador de seguridade e saúde, e cualificación de eficiencia enerxética rexistrada no INEGA.*
- *As condicións establecidas no informe de Augas de Galicia, serán de obrigado cumprimento*

Con data do 30/05/2016, emítese informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- A solicitude da licenza municipal de obras
- O proxecto técnico básico e execución, visado polo colexio profesional correspondente
- A acreditación da titularidade da parcela, incluída no proxecto técnico
- O pago da taxa municipal correspondente, por importe de 61,62 €
- A cesión obrigatoria de 41,56 m², segundo o proxecto técnico informado favorable
- A autorización de Augas de Galicia
- O oficio da dirección facultativa da obras
- O oficio da dirección de execución das obras

- O impreso de estatística de edificación e vivenda
- O informe técnico favorable, da arquitecta municipal, de data do 13/05/2016
- O informe xurídico, de data do 30/05/2016

Unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a “Licenza Municipal de Obras” a D. José xxxxx, con DNI nº.: xxxxx, para a “construción dunha vivenda unifamiliar illada”, sita no lugar de xxxxx, na parroquia de Loureda, emprazada sobre a parcela catastral nº.: 15012A502000540000WD, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

1. Nº.: do expediente municipal: 15/1435
2. Promotor do expediente: José xxxxx
3. D.N.I. do promotor: xxxxx
4. Clasificación urbanística da parcela: Solo de Núcleo Rural. Ordenanza de Núcleo Común
5. Tipo de licenza: Construción dunha vivenda unifamiliar illada
6. Edificabilidade máxima: 0,19 m²/m²
7. Ocupación máxima: 21,65 %
8. Superficie construída: 115 m²
9. Alturas: PB = 3,06 m
10. Situación e emprazamento: xxxxx - Loureda
11. Referencia catastral da parcela: 15012A502000540000WD
12. Orzamento de execución material das obras: 58.214 €
13. Liquidación do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (ICIO): 1.455,35 €
14. Técnico asinante do proxecto: José Antonio Hernando Ezquerro, colexiado nº.: 1.779
15. Prazos de execución:
 - Para comezar as obras: 6 MESES (desde o recibo de notificación desta licenza)
 - Para terminar as obras: 3 ANOS (desde o recibo de notificación desta licenza)

b.-) Condicións especiais:

16. Antes do inicio das obras, deberase achegar oficio de coordinador de seguridade e saúde
17. Antes do inicio das obras, deberá achegar a cualificación de eficiencia enerxética rexistrada no INEGA
18. As condicións establecidas no informe de Augas de Galicia, serán de obrigado cumprimento
19. As obras a executar, deberanse adaptar as recollidas no proxecto técnico e anexos, que serviron de base para a tramitación deste expediente, con números de visado 1504515,1 de data do 13/07/2015; e 1504515,3; de data do 09/10/2015
20. Deberase instalar o cartel de obra na parcela, cos seguintes datos como mínimo: Tipo de obra; número de licenza; prazos de execución; promotor; director de obra; director de execución da obra, coordinador de seguridade e saúde, e empresa construtora
21. No suposto da instalación dunha GRÚA, durante a execución das obras, esta deberá contar coas autorizacións previas necesarias, e seguros correspondentes
22. Esta licenza é para a construción dunha vivenda unifamiliar illada. Calquera outra actuación que se vaia a realizar na finca (peches, urbanización interior...), non incluída no

proxecto, precisará de nova autorización administrativa, ben sexa mediante licenza de obras, ou comunicación previa, segundo o caso.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (I.C.I.O.), por importe de 1.455,35 €, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da liquidación:

A liquidación, por importe de **1.455,35 €**, será ingresada na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón)

Terceiro:

Notificar este acordo ao interesado

12. Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace

O alcalde